

Modificacións da P. D. da materia de CREANDO MÚSICA PARA AUDIOVISUAL

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos centros docentes da *Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela establece** as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia optativa CREANDO MÚSICA PARA AUDIOVISUAL para o curso 2019-20:

I. CURSO 6º DE GRAO PROFESIONAL

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Debido á situación sanitaria e ás limitacións de mobilidade, non se aplicarán os criterios de avaliación do epígrafe TRABALLO EN EQUIPO e só se aplicarán os de carácter INDIVIDUAL.

▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 1º e 2º trimestres.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Son os mesmos que aparecen na programación, pero engádense as ferramentas necesarias para os procedementos non presenciais, que son as que se usaron no terceiro trimestre con cada alumno ou alumna: correo electrónico, aula virtual, videochamada, CentrosNet ou actividades na rede.

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Elimínanse os que están relacionados co traballo en equipo e quedan da seguinte maneira:

- a) Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 25 %
- b) Realizar axeitadamente os traballos de análise e comentario de linguaxe audiovisual: 25 %
- c) Seguir das clases, aproveitar as mesmas e manter unha actitude correcta: 25 %
- d) Aplicar os coñecemento teóricos adquiridos nesta e noutras materias: 25%

Sobre estes criterios aplicaranse as adaptacións, limitacións e medidas sobre a avaliación e as cualificacións reguladas no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020 que se mencionan ao comezo deste documento.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua. Para estes casos mantense a necesidade dunha proba final, á que se convocará o alumno/a preferentemente por videochamada a través do medio técnico que figure na convocatoria e previa comunicación co titor/a. Os criterios de cualificación para esta proba extraordinaria son os que marca a PD. Os contidos mínimos tampouco cambian, pois coinciden cos temas teóricos traballados no 1º e 2º trimestre (polo tanto, exclúese todo o relacionado co traballo en equipo do 3º trimestre).